

TRABALLO DE LINGUA GALEGA SEMANAL

O SUFIXO

O sufixo é unha partícula que se engade ao final dalgunhas palabras, formando outras e achegándolles un significado diferente á palabra primitiva. Ao procedemento para crear estas palabras chamámoslle **sufixación**.

Por exemplo:

Clarinetista: clarinet + **-ista** /// Tolear: tol + **-ear** /// Agarimosa: agarim + **-osa**

*Sufixos máis comúns: -eiro/-eira,-ear,-dor/-dora,-oso,-ista,-izar.

O ADVERBIO

Similar ao adverbio en castelán (ver breve explicación na tarefa semanal de Lingua Catelá).

*En galego, os adverbios rematados en **-mente**, non levan til, xa que son palabras graves.

Por exemplo: Rapidamente,agilmente,comunmente,...

***Exercicios do libro de texto.**

Páxina 179, exercicio 4.

Páxina 181,exercicios 3 e 4.

DEFINE COAS TÚAS PROPIAS PALABRAS

*Bolboreta.

*A continuación fai unha breve historia sobre esta bonita palabra.

CLUBE DE POESÍA

*Instrucións similares ás facilitadas en Lingua Catelá, pero nesta ocasión deberás acompañar a poesía dun **debuxo**.

TÍTULO: "O ARCO DA VELLA"

A chegada de Laica

Laica chegou á casa con seis meses. Era a máis graciosa dos cinco cadelos de Bruna, a cadela pastora do avó, e medrara na montaña en compañía das ovellas. Agora que xa era grande, chegáralle o momento de cambiar de vida e vir á casa, á cidade.

Preparáramo todo para que se atopase a gusto: un cesto, unha manta, un prato de plástico para a comida e outro para a auga, uns xoguetes e unha pelota. Tiñamos tantas ganas de que chegase!

Laica, non obstante, non devecía tanto por vir, e o avó case a tivo que baixar do coche á forza. Que grande se fixera!

A cadeliña estaba nerviosa. Emitindo uns xemidos que soaban coma o bear das ovellas, respondía ás nosas caricias golpeándonos nas pernas coa cabeza. Cando intentamos que entrara na casa, chantou as catro patas no chan e negouse a pasar da porta.

Achegámoslle a comida, para mirar de convencela, pero ela decidiu desprezala e poñerse a roer con entusiasmo o magnolio da entrada. Daquela comprendín o que pasaba e berrei:

–Pensa que é unha ovella, avó!

Por sorte, o estraño comportamento de Laica só durou uns días. Tan pronto como coñeceu os outros cans do barrio, descubriu que de ovella só tiña unha cousa: a pelaxe despeiteada!



1 Arrodea o debuxo que representa a Laica e responde as preguntas.



- Onde vivía Laica antes? _____
- Onde vive agora? _____
- Que prepararan na nova casa para recibir a Laica? _____

2 Marca. Que é un can pastor?

- Un can ao que non lle gusta vivir na casa.
- Un can que chega a ser moi grande.
- Un can que garda rabaños.
- Un can que se parece a unha ovella.



3 Une a oración co final correcto.

O avó case tivo
que sacar a Laica
do coche á forza...

porque a cadela non quería saír.

porque a cadela non sabía saír soa.

porque a cadela era moi grande.

4 Subliña. Que significa *chantar as catro patas no chan*?

- Tirarse no chan con moita forza.
- Axeonllarse.
- Non moverse, quedar quieto nun lugar.



5 Lembra e responde.

- Que cousas típicas dunha ovella facía Laica? _____

- Por que pensas que actuaba coma unha ovella? _____

- Cando cambiou de comportamento? _____

- Ao final, cal era a única cousa que Laica tiña en común cunha ovella? _____